



BANDO MUNICIPAL QUE REGULA AS ACTIVIDADES PROPIAS DAS FESTAS DO ENTROIDO NA CIDADE DA CORUÑA

Coa chegada da época do Entroido e do maior uso da vía pública para realizar actividades recreativas co fin de desfrutar das festas do Entroido, informo das pautas que se deberán seguir para levar a cabo as diferentes actividades relacionadas con motivo destas festas.

Nestas datas celébranse festas de disfraces, concursos, bailes, audicións musicais, concertos e similares para festexar o Entroido e este bando dítase para desfrutar a ledicia propia destas datas e trata de lle evitar molestias innecesarias á veciñanza. Deste xeito, poderemos desfrutar dunha cidade que coide a boa convivencia, o respecto e a tolerancia, así como corresponsabilizarnos como cidadanía para evitar e alertar ante calquera manifestación que vulnere a liberdade e o gozo das persoas atendendo especialmente ás violencias machistas, LGTBI fobias, racistas ou xenófobas.

Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124, letra g, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

FAGO SABER:

FESTAS DO “ANTROIDO 2026”

1. Norma especial para os establecementos de ocio e hostalería nas festas do Entroido

Sen prexuízo do anterior e de forma excepcional, **DESDE O VENRES 13 DE FEBREIRO DE 2026 A PARTIR DAS 22.00 HORAS ATA AS 24.00 HORAS DO MÉRCORES 18 DE FEBREIRO DE 2026**, aqueles establecementos de ocio e hostalería que o desexen poderán organizar no espazo público de titularidade municipal festas de disfraces, concursos, audicións musicais, concertos ou similares, mediante **comunicación previa** á Área de Mobilidade, sempre e cando non se afecte á circulación de vehículos. Para organizar as ditas actividades permítese instalar no espazo de titularidade municipal aqueles elementos necesarios como servizo de apoio tales como mostradores, barras ou similares, así como actuacións de música en directo e aparellos reprodutores de son. Para tal fin, poderanse instalar tarimas dun chanzo sen conexión eléctrica.

As ditas actividades deberán garantir a seguridade e accesibilidade no espazo público, así como cumprir co resto das normas comúns contidas neste bando.

Para todas aquelas actividades propostas que excedan do estipulado neste bando, deberase presentar unha solicitude dirixida á Área de Mobilidade para a súa análise.

1.1. Ampliación de horario



Concello da Coruña

Autorízase ampliar o horario dos establecementos destinados a hostalaría, restauración e ocio desta cidade en 2 horas, **DESDE O VENRES 13 DE FEBREIRO DE 2026 A PARTIR DAS 22.00 HORAS ATA AS 24.00 HORAS DO MÉRCORES 18 DE FEBREIRO DE 2026**, consonte o artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro e o artigo 9 da Orde do 23 de outubro do 2020.

2. Cortes de tráfico. Activaranse dispositivos especiais de tráfico con motivo das seguintes actividades:

- 2.1. **Venres 13.** Entronización do Deus Momo. Campo da Leña. Atalaia de San Roque, ás 21.00 horas.
- 2.2. **Sábado 14.** Concurso de comparsas e concurso de Carrozas. Rúas Juana de Vega, praza de Mina, Cantóns, María Pita, ás 17.30 horas.
- 2.3. **Martes de Carnaval**, día 17 de febreiro, a rúa Panadeiras, o Campo da Leña, a rúa de San Xoán, a rúa San Xosé, a Rúa da Torre e as rúas da súa contorna, por mor da celebración do Andar do Entroido, concurso infantil e familiar de choqueiras/os e o concurso de choqueiros/as, serán pechadas ao tráfico. Os cortes do tráfico serán graduais e iniciaranse ás 13.30 horas.
- 2.4. **Mércores 18.** Desfile do enterro da Sardiña e o Entroido ata a praia de Santo Amaro. Desentronización do Deus Momo. Desde o Circo de Artesáns ás 20.30 horas.

3. Transporte público

Con motivo da celebración das festas do Entroido e co obxecto de reducir a utilización de vehículos particulares, reforzaranse as frecuencias das liñas de autobús que afectan a Monte Alto–Orillamar, da seguinte maneira:

- Reforzo de frecuencias das liñas 1, 1A, 6, 7 e 21.
- Aumento do horario de funcionamento da liña 11 ata as 23.30 horas, hora na que fará a última saída desde As Lagoas-Montealto.
- As noites do venres 13, sábado 14, luns 16 e martes 17 de febreiro estarán operativas as liñas do bus nocturno.

4. NORMAS XERAIS

4.1. Comunicación previa da actividade

A comunicación contará cunha breve explicación da actividade que se vai realizar e cunha declaración na que a persoa solicitante manifieste que cumpre os requisitos establecidos no bando para o exercicio da actividade, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuído o Concello.

Para a súa presentación de maneira presencial nos rexistros do Concello, o modelo de comunicación previa, pódese descargar na seguinte ligazón:



Concello da Coruña

Comunicación Festas Entroido

O Concello pon a disposición das persoas interesadas, na sede electrónica do Concello, o procedemento para presentar a dita comunicación previa, ao que se pode acceder na seguinte ligazón:

Comunicación previa de actividades de Entroido

Na comunicación previa, identificarase como mínimo a dúas persoas maiores de idade. Deberá indicarse o nome, o NIF, o enderezo e o teléfono. Estas persoas responderán dos danos que se poidan causar tanto a terceiras persoas como no dominio público.

A comunicación non supón ningunha excepción respecto do cumprimento das normativas sectoriais de ruído, ratio de persoas por evento etc., nin afectará aos dereitos de terceiras persoas.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información que se incorpore á comunicación determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada desde o momento en que se teña a constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

4.2. Puntos violeta

A cidadanía contará coa instalación de 2 Puntos Violetas o sábado 14 e o martes 17 de febreiro.

Estes puntos son espazos seguros que, en coordinación cos corpos e forzas de seguridade e cos recursos municipais, lle ofrecen información á cidadanía en xeral e, de ser preciso, atención integral (acolida, asesoramento e apoio psicolóxico) a adolescentes e mulleres mozas ante situacións de violencia machista, especialmente as vinculadas á violencia sexual. Con esta medida o Concello da Coruña contribúe a favorecer o goce da Festa do Entroido en condicións de igualdade.

O horario de atención será das 22:00 ás 2:00 h o sábado 14 de febreiro e das 19:00 ás 23:30 h o martes 17 de febreiro.

5. Infraccións e sancións

As infraccións das presentes normas serán denunciadas, tramitadas e sancionadas de conformidade coa norma xurídica que resulte de aplicación en cada caso.

Nos supostos recollidos na lexislación vixente e sempre que existan razóns de seguridade que o aconsellen, o Corpo de Policía Local poderá, como medida cautelar, comisar ou retirar todo tipo de materiais, instalacións ou bens mobles en xeral, logo de llelo requirir ás persoas interesadas, cando iso for posible.

6. Normas complementarias

A Área de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que esixan as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos.



Concello da Coruña

7. Vixencia

O presente bando estará en vigor desde o día da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello ate as 24.00 horas do mércores 18 de febreiro de 2026.

A Coruña, 9 de febreiro de 2026

A alcaldesa
Inés Rey García